



Xuño 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

Alegacións contra os borradores da Agricultura Integrada galega

Como vén sendo habitual, Política Agroalimentaria volveu presentar un proxecto, neste caso o da agricultura integrada, sen falar previamente co sector. Así, os borradores presentan tantas eivas que o SLG tivo que pedir a súa retirada e a elaboración doutros que se fagan en consenso coas organizacións agrarias. **Páx. 6**

■ Muller

As mulleres do SLG tecen na Colcha Mundial da Solidariedade

As mulleres do Sindicato Labrego participaron activamente na recepción galega da Colcha Mundial da Solidariedade, organizada pola Marcha Mundial das Mulleres. As mans artesáns das labregas e traballadoras do Sindicato axudaron a tecer esta manta que segue de periplo. **Páx. 13**

■ Agroecoloxía

O SLG contribúe á estratexia da agricultura ecolóxica estatal

Membros da Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) e da Executiva do SLG viaxaron en dúas ocasións a Madrid, no mes de maio, para participar na elaboración dun documento base para a agricultura ecolóxica no Estado, achegando a Táboa Reivindicativa da DTA. **Páx. 11**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

A Xunta atenta contra o medio rural ao financiar a forestación de 7.500 hectáreas de leiras

■ A Consellaría de Medio Ambiente publica unha orde para conceder axudas a quen faga plantacións forestais en terras agrarias, contradicindo o Informe do Valedor do Pobo do 2004.

■ Desbaldiranse 16'5 millóns de euros nunha acción que só beneficia á celulosa Ence e ás industrias madeireiras, e que hipotecará o futuro de toda a agricultura galega. **Páx. 7**



O BNG recolle as propostas agrarias do SLG para aplicar no novo Goberno da Xunta

O pasado 25 de maio, unha comitiva do Sindicato Labrego reuniuse co candidato á Presidencia da Xunta polo BNG, Anxo Quintana, para expoñerlle as principais propostas do SLG para o agro galego. Cómpre salientar a boa sintonía do encontro, e que

foi o Bloque a única organización política que prestou atención a unha serie de reivindicacións que, para o Sindicato Labrego, son fundamentais para que o medio rural do noso País poida albiscar con esperanza o seu futuro. **Páxs. 4 e 7**



Abertos os prazos para o abandono da produción e para solicitar cota láctea

En maio, producíronse dúas novas fundamentais para o sector lácteo. En primeiro lugar, constituíuse a Mesa do Leite para comezar a negociar coas industrias; en segundo lugar, o Goberno aprobou o Plan de Reestruturación do

Sector Lácteo, abríndose os prazos para abandonar ou solicitar cota láctea. A Dirección do Leite do SLG elaborou unha táboa reivindicativa para defender a postura das explotacións lácteas labregas en Madrid. **Páxs. 5 e 14**

O Sindicato Labrego Galego ultima unha campaña nacional contra a OMC

Diante do cumio que a Organización Mundial do Comercio (OMC) vai celebrar en Hong Kong, o SLG está a preparar unha campaña de denuncia que chegará a toda Galiza dende comezos do verán, e sumarase aos miles de

manifestacións que se realizarán en todo o mundo contra este organismo. Aproveitando a ocasión, Fouce entrevistou á Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, para que explique como afecta a OMC ao agro galego. **Páxs. 2 e 3**



O SLG prepara unha campaña de denuncia contra a OMC

Farase en toda Galiza para apoiar as mobilizacións globais contra o cumio de Hong Kong de decembro


O SLG vai comezar a principios do verán unha campaña para dar a coñecer os efectos perversos da OMC sobre a agricultura do noso país, en particular, e do mundo enteiro, en xeral. Paneis explicativos, publicacións,

venda de produtos labregos ou conferencias, serán algunhas das armas de denuncia do SLG nas principais cidades e comarcas galegas. De novo, unha tarefa en solitario diante da desidia das outras organizacións agrarias.

No mes de maio, celebráronse as primeiras reunións no seo do Sindicato Labrego para organizar unha campaña de denuncia contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) que visitará as principais cidades e comarcas galegas.

Esta campaña faise con vistas a informar á cidadanía e ao colectivo labrego de todo o que nos imos xogar no cumio que a OMC celebrará en Hong Kong (China) no mes de decembro.

En efecto, nese cumio preténdense fixar as regras para a liberalización do mercado mundial de produtos agrarios, unha arela das industrias e das multinacionais que, na Galiza, levamos padecendo dende hai moitos anos coa aplicación da Política Agraria Común (PAC) que tantos miles de explotacións e postos de traballo no medio rural nos custou. De feito, a última reforma da PAC, con medidas tan nefastas para o noso



A OMC supón unha grave ameaza para a agricultura labrega de todo o mundo, Galiza incluída

agro coma o desacoplamento (poder cobrar axudas agrarias sen necesidade de producir), non é máis cá tentativa da Unión Europea de adaptarse aos mandados da OMC.

Diante disto, todos os esforzos para oporse á OMC serán poucos e deberán darse a escala global. Unha vez máis, o SLG será a única formación agraria na Galiza que traballará para informar

e denunciar as prácticas e intencións da OMC, e para contribuír ao esforzo global de facela fracasar, como xa aconteceu nos anteriores cumios celebrados en Seattle e Cancún.

Organizacións de toda Europa piden á UE que respecte a soberanía alimentaria

Unha plataforma integrada por máis de corenta organizacións (entre elas, conta só como unha a Coordinadora Labrega Europea -CPE-, que agrupa a 18 sindicatos agrarios) vén de publicar un manifesto no que enumera dez esixencias á Unión Europea dirixidas a cambiar a súa política comercial, que "fixeron moito dano ás comunidades pobres, provocando agresións ao medio ambiente e desigualdade entre sexos; e minando o respecto aos dereitos humanos, sociais, culturais e ecolóxicos dos homes e das mulleres nados tanto no sur coma no norte".

Por razóns de espazo, non podemos reproducir o texto íntegro, polo que nos limitaremos a falar daquelas esixencias máis relacionadas co mundo labrego.

■ **Soberanía alimentaria:** A primeira

esixencia é a de respectar a soberanía alimentaria dos pobos, o cal debería obrigá-la Unión Europea a: trocar de política agrícola, a prohibir toda forma de subvención que permita exportación por baixo dos custes de produción (*dumping*), a defender o dereito de todos os países a protexerse contra as importacións agrícolas a prezos demasiado baixos, e a protexer o dereito de todos os países e estados internacionais a subvencionar a agricultura sempre e cando non exporten por debaixo dos custes de produción.

As organizacións asinantes fundaron esta esixencia ao denunciar que máis do 70% da poboación máis empobrecida do mundo vive nas zonas rurais e depende da agricultura par asegurar todas ou parte das súas ganancias. Emporiso, os mercados locais son

para esta xente moito máis importantes que o mercado internacional, polo que lles resulta esencia poder vender os seus produtos a nivel local.

Todo isto bate coas políticas impostas pola OMC, que obriga a abrir eses mercados locais aos produtos importados a baixo prezo. Isto provoca un efecto desastroso nas familias labregas, tanto no sur coma no norte, Galiza incluída.

■ **Transxénicos:** Outra das esixencias relacionadas directamente coa agricultura, é que a Unión Europea debería deixar de aprobar organismos manipulados xeneticamente e respectar as prohibicións nacionais que existen de cara aos transxénicos. Neste senso, pídenlle que elabore e aprobe unha lexislación que garanta a existencia de zonas libres de OXMs.

Lidia Senra, Secretaria Xeral do SLG e membro da Comisión de Xénero da Vía Campesina por Europa “A agricultura e a alimentación non poden estar sometidas aos intereses da OMC”

Dada a transcendencia que van ter os encontros da OMC en Xenebra e Hong Kong neste ano 2005, Fouce entrevistou á Secretaria Xeral do SLG para que explicase o porque da implicación

do Sindicato Labrego na loita contra este organismo internacional, e que é o que se xogan os labregos e labregas de Galiza nunhas decisións que se van tomar tan lonxe e no medio dun inten-

cionado secretismo. Non embargante, a OMC si repercute en aspectos fundamentais para o noso medio rural como a caída dos prezos agrarios ou a imposición dos transxénicos na UE.

■ Por que unha campaña contra a OMC en Galiza?

Os acordos que toman os gobernos na Organización Mundial do Comercio (OMC) están condicionando as políticas agrarias de todo o mundo, como aconteceu, recentemente, coa reforma da Política Agraria Común (PAC).

Cómpre lembrar a responsabilidade que teñen os gobernos do Estado e de Galiza no avance das políticas que se deciden no seo da OMC. A campaña que vai facer o SLG vai ser fundamental para facer presión sobre os nosos gobernos para que a agricultura e a alimentación non sexan temas que se traten na OMC, pois entendemos que, tanto a agricultura como a alimentación, son bens públicos que se deben protexer e, polo tanto, non poden estar sometidos aos



Para Senra, contra a OMC hai que pór en marcha políticas baseadas na soberanía alimentaria

intereses dunha organización que o único que fai é tomar decisións para aumentar as ganancias dos grandes negocios da industria agraria, química e farmacéutica, e da distribución; sen ter en conta para nada

nin os intereses da xente en canto ás necesidades alimentarias, nin os intereses das labregas e dos labregos.

■ Como afecta este organismo internacional na agricultura do noso país? Como á vida diaria dun labrego ou

dunha labrega?

A primeira repercusión básica é a caída dos prezos dos nosos produtos. Aquí vimos observando como os nosos produtos están nunha situación de baixada constante, coa conseguinte caída

na renda das explotacións.

Pero tamén os acordos que se toman teñen repercusión noutras políticas que se nos aplican, como a autorización dos organismos manipulados xeneticamente (OXMs). A pesares de que o 70% da poboación europea non os quere consumir, estanse facendo leis que nos obrigan a utilizar os OXMs e a comelos. En Galiza, neste intre é practicamente imposible atopar millo ou soia tradicionais para pensos, e só temos acceso aos manipulados.

Un terceiro exemplo que tamén nos afecta de maneira importante é a privatización dos servizos que se pretende establecer nas negociacións da OMC. Estamos a falar de servizos fundamentais para a xente como poden ser o ensino ou a sanidade, que deberían seguir sendo públicos e gratuítos.

“Dende Galiza, pódense e débense combater as políticas agrarias neoliberais da OMC”

■ É posíbel ofrecer resistencia dende a Galiza nunha loita, como esta contra a OMC, que é global?

Evidentemente, si. A pesares de que os gobernos queren afastarse da toma destas decisións escudándose en que están por riba dos estados, quen toman as decisións son os gobernos de cada país. Mesmo a Xunta, non tendo participación directa, pode adoptar unha posición activa e decidida para combater todo este tipo de políticas neoliberais que só benefician ás grandes transnacionais. Dende Galiza pódense e débense combater estas políticas.

■ En que vai consistir a campaña do SLG?

De aquí a decembro van a haber mobilizacións importantes que se van a levar a cabo por parte da Coordinadora Labrega Europea (CPE) e da Vía Campesina -organizacións das que forma parte o SLG-, ante as reunións da OMC.

Diante disto, o SLG está a preparar unha campaña a dous niveis: un de debate e análise cos labregos e labregas, para dilucidar como repercutirán nas nosas producións e no noso traballo as decisións que se tomen na OMC; e cales son as responsabilidades dos gobernos á hora de optar por outras políticas alternativas.

En segundo lugar, tamén imos traballar coa cidadanía, pois as políticas agrarias repercuten directamente no tipo de alimentación que chega ás nosas mesas, e na destrución de postos de traballo no medio rural de xeito directo, e de xeito indirecto en todo o país.

“Somos optimistas e cremos que a política agraria actual pode trocar”

■ Ten esperanzas en que a OMC volva fracasar nas súas intencións outra vez?

A OMC leva fracasando de xeito estrepitoso en todos os cumios que organizou nos últimos anos. A este fracaso contribuíu dunha moito o debate sobre agricultura e alimentación impulsado polas organizacións que formamos a Vía Campesina. A OMC volverá fracasar e, antes ou despois, a agricultura estará fóra da OMC.

■ Hai alternativa a ese mercado global que nos queren impoñer? Cal é esa alternativa? Como afectaría a Galiza?

Desde o SLG en Galiza, a CPE en Europa, e a Vía Campesina a escala mundial, defendemos como alternativa a esas políticas -impostas polo neoliberalismo a través da OMC- a soberanía alimentaria. A soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a decidir as políticas agrarias e alimentarias que lle conveñan, o dereito dos labregos e labregas a producir alimentos para o seu pobo.

Neste senso, pensamos que é fundamental un plan agrario galego que desenvolva todos os sectores produtivos para producir en Galiza os alimentos que consumimos os galegos e galegas.

Isto implica que eses alimentos sexan producidos en explotacións galegas, cunha agricultura labrega e sostíbel que xere alimentos sen residuos perigosos para a saúde, e con prácticas agrarias que non contaminen o medio ambiente. Sen esquecer uns prezos que cubran os custes e o traballo de produción.

Este modelo tamén contempla circuitos curtos de comercialización, políticas de apoio á venda directa, e a recuperación do espazo perdido nos mercados locais.

Pódese traballar nesta liña, e así llo comunicaremos ao novo Goberno elixido nas urnas o 19 de xuño; só cómpre vontade política para poñelas en marcha. Creemos que a política agraria actual se pode virar, e somos optimistas.

Editorial

19 de xuño: Eleccións Autonómicas

Unha oportunidade para poñer as bases para outra política agraria e alimentaria en Galiza

A política agraria do goberno galego durante os últimos anos pódese cualificar de un auténtico fracaso. A desaparición das explotacións agrarias é alarmante, a incorporación de mozos e mozas sufriu un enorme descenso e segue en regresión. Os servizos públicos de asesoramento ás explotacións estanse desmantelando para dar paso ao asesoramento privado. Os prezos dos produtos agrarios están en regresión como consecuencia dunha Política Agraria Común (PAC) avalada e bendicida polos diferentes gobernos galegos e do Estado. A superficie agraria útil esta reducíndose brutalmente por mor da agresiva política de forestación de terras agrarias levada pola Xunta.

Como resultado destas políticas, as explotacións agrarias están desaparecendo a un ritmo vertixinoso (só en leite, pasamos das 100.000 explotacións do ano 1990, a menos de 18.000 na actualidade). O medio rural galego está desaparecendo e as aldeas deixaron de ser espazos cheos de vida e dinamismo, para converterse en espazos habitados por persoas maiores vivindo nunha tremenda soidade e privadas da alegría de ver nenos e nenas medrando ao seu arredor. Vivindo, en definitiva, coa certeza de que, en moitos casos, serán os últimos e as ultimas habitantes da aldea, sen chegar a comprender a senrazón dun goberno galego que non tivo vontade política de establecer as medidas mínimas necesarias para evitar esta desfeita.

Non embargante e, a pesares da evidencia, tanto dende o goberno galego como dende o goberno español, seguen a ofrecernos a gran solución da conquista dos mercados alleos mediante a receita da competitividade. Isto é modernizarse, endebedarse cada vez máis, aumentar e aumentar as producións (o mediano de hoxe é pequeno mañá), producir a prezos cada vez máis baixos; vivindo de esmo-las que din que son para compensar a caída dos prezos, pero que realmente son un traspaso de diñeiro público para as grandes empresas, porque realmente son para que elas e a distribución gañen cada vez máis e, mentres tanto, nós a ver pasar o diñeiro polas mans e quedándonos cuns ingresos cada ano máis baixos.

Dende o Sindicato Labrego Galego vimos, dende hai anos, condenando e rebelándonos contra esta situación. Ao mesmo tempo, tamén vimos facendo propostas aos gobernos para que poñan fin a esta desfeita. Como sindicato nacionalista que somos, queremos un plan de desenvolvemento agrario e rural endógeno que responda ás necesidades da cidadanía galega.

Neste senso, o Sindicato Labrego Galego considera urxente que o novo goberno que saia das eleccións do 19 de xuño acometa unha serie de iniciativas que nós entendemos imprescindíbeis para virar a tendencia actual e

para facer do medio rural galego o espazo de vida e riqueza imprescindible para o desenvolvemento do noso país.



■ **Soberanía alimentaria:** Consideramos básico que o goberno resultante das eleccións de xuño enmarque as súas accións para acadar a **soberanía alimentaria** da Galiza. Isto é, articular as políticas necesarias para que nós, os labregos e labregas de Galiza, sexamos quen produzámos os alimentos para o noso pobo. A nosa prioridade como labregos e labregas non é producir cantidades inxentes en réxime de monocultivo para colocar un único produto nos mercados exteriores. Iso xa o temos e non dá gran resultado.

A nosa prioridade é producir a gran variedade de produtos alimentarios que consumimos os galegos e as galegas, e que eses produtos estean a disposición da cidadanía. Para iso cómpre unha aposta decidida pola **diversificación da produción, polas pequenas unidades de transformación nas comarcas produtoras, e por unha distribución que responda á lóxica de colocar os nosos produtos nos nosos mercados.**

■ **Agricultura labrega e seguridade alimentaria:** Consideramos tamén unha prioridade que estes alimentos sexan sans, seguros e nutritivos, para o cal cómpre que o novo goberno **aposte decididamente polo desenvolvemento da agricultura labrega sostíbel, potenciando explotacións agrarias de tamaño humano.** Neste senso, é necesario que o goberno **aborde** con urxencia a problemática da terra. Precisamos a ordenación do territorio e dos usos do solo, a prohibición de forestar e cambiar de uso as terras agrarias. Cómpre, igualmente, desterrar da produción todos aqueles produtos que contaminan a nosa saúde e o medio ambiente. Neste sentido, o novo goberno galego en relación aos transxénicos, debe defender a tolerancia cero no

debate sobre a coexistencia, declarar a **Galiza como país libre de transxénicos e implicarse no grupo de rexións europeas libres de organismos manipulados.**

■ **Prezos garantidos:** Consideramos unha prioridade manter as explotacións existentes e posibilitar a posta en marcha de novas explotacións. Daquela, o novo goberno deberá actuar decididamente, e dentro das súas competencias, **para que os prezos pagados aos produtores cubran os custos do traballo e de produción.** Precisamos unha lei de contratos agrarios e a implicación da Administración para que sexan cumpridos. Ademais, haberá que apoiar mediante axudas ás pequenas explotacións (en Europa, o 70% das explotacións agrarias son consideradas pequenas explotacións).

■ **Mulleres labregas, persoas maiores e mocidade:** Para garantir os dereitos das labregas, necesitaremos tamén lexislar, urxentemente, para que a cotitularidade nas explotacións sexa unha realidade xa.

Debe ser unha prioridade que as persoas xubiladas no medio rural poidan vivir a súa vellez no seu medio, para o cal é imprescindible traballar no relevo xeracional. E isto só pode ser posíbel articulando **políticas activas de instalación de mozas e mozos nas explotacións.** Cómpre, a maiores, dotar ao medio rural de servizos públicos básicos de calidade (ensino, sanidade, atención á infancia e as persoas maiores, etcétera); e facilitar vivenda para que as novas parellas poidan vivir, se así o queren, independentes. Xunto a todas estas medidas, tamén habería que artellar unha rede de transporte público.

■ **Diálogo:** E todo o devandito non será posíbel se o novo goberno non toma en serio unha prioridade imprescindible: o diálogo permanente coas organizacións agrarias para negociar e acordar as grandes liñas de actuación no medio rural. Por iso, **debe ser unha actuación prioritaria do novo goberno e do Parlamento a creación do Consello Agrario Galego.**

O 19 de xuño, todos e todas nós podemos actuar para promover o cambio das políticas agrarias actuais: busquemos os programas dos partidos políticos, cavilemos, analicemos, e apoiemos a quen mellor recolla as nosas propostas.

O SLG senta as bases para negociar coas industrias no sector lácteo

Defenderá a fixación dun prezo base para o leite no Estado que non poida baixar dos 33 céntimos por litro

Semella que veñen aires de esperanza para o sector lácteo. En Madrid, constituíuse a Mesa Láctea, na que organizacións agrarias e industrias tentarán chegar a acordos para fixar un prezo mínimo para o leite. O SLG xa marcou a súa posición nestas negociacións nun encontro co Director Xeral de Industrias Agroalimentarias do Ministerio, Jorge Santiso. Previamente, a Dirección do Leite do SLG fixou os principios básicos da súa postura nestas negociacións, entre os que destaca a fixación dun prezo mínimo inicial de 33 céntimos por litro.

A Dirección do Leite do SLG reuniuse, o pasado 13 de maio en Compostela, para abordar a problemática dos prezos do leite e fixar unha estratexia destinada a poñer as bases para unha futura negociación entre as industrias e as explotacións.

As conclusións as que se chegaron conformarán a táboa reivindicativa para o sector:

■ **Configuración de prezos:** O SLG pedirá un prezo base homoxéneo igual para todos os produtores e produtoras. A este prezo base haberá que sumarlle ou restarlle as primas de calidade segundo os estándares existentes (3'7 de graxa, 3'1 de proteína, 100.000 xermes, e 400.000 células). Neste apartado, o SLG tamén acordou que as primas por cantidade ou por cota deben desaparecer do prezo, e a necesidade de



A Dirección do Leite do SLG elaborou unha táboa reivindicativa para as negociacións do leite

negociar cada ano o valor de base para o leite entre a industria e o sector.

■ **Garantías:** Os prezos deberanse acordar a nivel global e para todo o sector. Para

que se cumpran os acordos acadados, o SLG esixirá que se establezan contratos ho-

mologados e garantidos pola Administración, mediante unha lexislación específica e que afecten a todo o proceso de comercialización.

■ **Propostas concretas:** En canto ás cifras nas que se plasmen os principios devanditos, o SLG defenderá que se manteña o prezo medio do ano pasado. En concreto, a proposta do Sindicato Labrego consistirá en que o prezo base estea situado nun mínimo de 33 céntimos por litro, do que non se poderá baixar; e nun máximo de 40 céntimos.

Para facer todo isto efectivo, o Sindicato Labrego reunirase cos partidos políticos para presentarlles esta proposta e para que a inclúan nos seus programas diante das Eleccións Autonómicas do 19 de xuño e da formación dun novo Goberno.

Créase a Mesa do Leite para negociar os prezos coa industria en todo o Estado

O 20 de maio, constituíase en Madrid a Mesa do Leite, formada polo Ministerio de Agricultura, as industrias, a Confederación de Cooperativas Agrarias de España, e os tres sindicatos maioritarios. A Mesa tentará acadar compromisos nos eidos da distribución e da comercialización entre todos os axentes implicados no sector lácteo.

O Sindicato Labrego Galego tivo oportunidade de expoñer a súa posición neste organismo nun encontro co Director Xeral de Industrias Agroalimentarias e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Jorge Santiso. A reunión tivo lugar en Santiago de Compostela, o

pasado 26 de maio, e nela participaron en representación do SLG a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, e o responsable de Acción Sindical Gandeira, Xabier Gómez Santiso.

Nesta xuntanza, os representantes do SLG defenderon que o obxectivo fundamental da Mesa do Leite debe ser o de establecer uns prezos mínimos para o leite en todo o Estado que cubran os custes e o traballo de produción, e adoptar, como Estado, unha postura de forza neste tema de cara ás reunións no seo da OMC. Neste senso, pediron que se fose máis ambicioso que o de manter os prezos da anterior campaña. Os repre-



Lidia Senra e Xabier Gómez Santiso representaron ao SLG na xuntanza co Ministerio

sentantes do SLG manifestaron a intención da organización sindical de seguir traballando para que haxa unha contratación homologada e regulada por lei da compravenda de produtos agrarios entre produtores e

produtoras, por unha banda; e a industria, por outra.

O SLG valorou de xeito positivo a constitución da Mesa do Leite no Estado, pero salientou a necesidade de que se crease un órgano igual para Galiza -a Mesa

do Leite Galega- xa que no noso País concentramos a metade das explotacións lácteas estatais. Polo demais, remitirásenlle ao Ministerio de Agricultura as propostas adoptadas pola Dirección do Leite do SLG.

O SLG pide a retirada dos proxectos da Xunta para a produción integrada

Os borradores presentados non se adaptan á realidade galega e permiten tóxicos perigosos para a saúde

O Sindicato Labrego Galego presentou en maio un conxunto de alegacións aos borradores que a Consellaría de Política Agroalimentaria ten redactado para regular a agricultura integrada en Galiza. Para o SLG

existen un conxunto de poderosas razóns que deberían obrigar á Consellaría a recapacitar á hora de aprobar esta normativa, amais de cumprir coa súa obriga de sentarse a negociar antes coas organizacións agrarias.

A produción integrada, tal e como se contempla nos borradores de regulamento da Consellaría, semella responder, unha vez máis, aos intereses das agroindustrias e das grandes distribuidoras. Dende logo, a agricultura integrada que nos presentan non é unha solución para a problemática dos labregos e das labregas, non aporta nada á seguridade alimentaria da poboación, nin vai contribuír a mellorar o medio ambiente.

Ante a grande cantidade de contradicións, incongruencias e prácticas inadmisíbeis que conteñen os borradores para regular a produción integrada en Galiza, o SLG denunciou publicamente que estas normas supoñen un engano á sociedade e aos labregos e labregas. Por to-



Os borradores da agricultura integrada galega autorizan fitosanitarios da máxima toxicidade

das estas razóns, o SLG solicitou oficialmente á Consellaría de Política Agroalimentaria a retirada destes proxectos de regulamentos

técnicos, e a apertura dun proceso de diálogo coas organizacións agrarias representativas de cara á elaboración duns regulamentos

axeitados á realidade galega e que respondan ás necesidades dos labregos e labregas, e á seguridade alimentaria.

Máis custes e burocracia, tóxicos perigosos, e de costas á realidade galega

■ **Máis burocracia:** A nivel cualitativo non aporta nada respecto da produción convencional. Por exemplo, prohibe prácticas que xa están prohibidas, e establece obrigas que xa existen. Esta agricultura integrada supón un paso máis na burocratización das explotacións agrarias, na súa dependencia respecto de servizos técnicos privados, e un importante incremento nos custes de produción. Supón un paso máis no camiño da privatización da asistencia técnica ás explotacións e unha tecnificación totalmente absurda do proceso de produción.

■ **De costas á realidade galega do sector:** O tipo de asociacións de produtores que se establecen nos borradores, e as condicións esixidas para os cultivos, están totalmente á marxe da realidade galega. Por exemplo, esíxese un mínimo de 3.000 metros cadrados en pementos, cando esta é a media en superficie total nas explotacións de horta galegas; ou parcelas de, polo menos, 500 metros cadrados.

■ **Admite prácticas e produtos de alto risco para a saúde humana e o medio ambiente:** En base a estudos científicos, o meirande das materias activas recomendadas poderían provocar impactos moi negativos na saúde e no medio ambiente. Por exemplo, a cloropicrina mesturada con 1,3-dicloropropeno, que se permite nos cultivos de pemento, está clasificada como CCC (máximo nivel de toxicidade para persoas, fauna e medio ambiente). Das 73 materias activas recomendadas para viticultura, 42 delas presentan riscos inaceptábeis de toxicidade, potencial canceríxeno, inhibición da encima colesterasa, contaminación ambiental de augas e solos, toxina reprodutiva, disfuncións do aparato reprodutor e malformacións fetais, amais de poder actuar como disruptores endócrinos. Mesmo se contempla algún produto que xa está prohibido, como o etridiazol no pemento. Ademais, é contradictorio non permitir residuos semilíquidos de explotacións gandeiras, e si permitir o uso de lodos de depuradora.

Tampouco existe unha estratexia para compatibilizar os axentes de loita biolóxica cos produtos químicos; os axentes de loita biolóxica que se propoñen non están ensaiados para as condicións climáticas galegas e, de feito, xa se coñecen experiencias nas que non funcionaron.

Finalmente, o protocolo que se establece á hora de aplicar os tratamentos induce a unha forte intensificación e dependencia dos agrotóxicos.

■ **Máis gastos para as explotacións e contradicións coa Lei do Solo:** Para poder cumprir coas esixencias marcadas nos borradores destes regulamentos habería que cambiar a invernadoiros moito máis altos que, ademais do incremento dos custes por metro cadrado de invernadoiro, estarían en contradición coa Lei do Solo.

■ **Admiten a agricultura sen terra:** Contemplar a posibilidade de implantar cultivos sen solo na Galiza é unha auténtica barbaridade que está en contradición coa definición que se fai de produción integrada.

O Movemento polos Dereitos Cívís publica o seu informe do ano 2004

O Movemento polos Dereitos Cívís do 2004 vén de publicar o seu informe do ano 2004. Renato Turnes, o seu coordinador, afirma na presentación do documento que "son numerosos os temas en que intervimos en 2004, desde a falla de información e a impunidade na catástrofe do Prestige, as cámaras de videovixilancia de Compostela, até as sentencias dadas en Galiza cando hai conflitos sociais".

Respecto a isto último, a afiliación do SLG aínda lembra a sentencia que exculpaba aos policías que perpetraron a malleira contra os manifestantes da tractorada da pataca en febreiro do 2003, negándose a xuíza a ver as probas presentadas polo SLG, entre as que se atopaba un vídeo que demostraba a violencia policial, amais de varias testemuñas directas.

O enterramento de vacas en Mesía

Entre os casos que recomenda este informe, atópase o do arquivo da denuncia polo enterramento das vacas tolas en Mesía, por parte do xulgado de Ordes o 17 de decembro de 2004 (ver Fouce 228, xaneiro de 2005). O arquivo desta denuncia sorprendeu aos labregos e labregas de Galiza, tendo en conta que "na canteira de Lanza foron enterradas máis de trescentas reses sospeitosas de padecerem a encefalopatía esponxiforme bovina, sen realizar probas e sen se ter feito unha mínima adecuación do lugar para cumprir coa lexislación de vertedoiros".

Nas conclusións do informe, o escritor Rafa Villar afirma que se seguen "a conculcar e vulnerar dereitos cunha aparencia de normalidade que cando menos abraia", e lembra que "dereitos que son decote agredidos ou furtados estaban garantidos no papel (nomeadamente na vixente Constitución Española de 1978 e outros textos) e que responden en moitos casos -e isto cómpre non esquecerlo- a conquistas históricas da loita social de moitos homes e mulleres durante décadas".

A Xunta dá un paso máis na destrución do agro cun plan para forestar leiras

A Xunta desbaldirá 16'5 millóns de euros para ocupar con árbores 7.500 hectáreas de terras agrarias

O Sindicato Labrego Galego fixo na que se subvenciona cunha partida pública o seu máis enérxico rexeitamento á orde publicada no Diario Oficial de Galiza, o pasado 24 de maio, pola Consellaría de Medio Ambiente, de 16'5 millóns de euros a forestación de 7.500 hectáreas de terras agrícolas. Deste xeito, a Xunta vai desbaldir una cantidade de cartos astronómica (case 3.000 millóns de pesetas) para financiar unha acción de goberno que suporá un forte atranco ao desenvolvemento rural, agrario e gandeiro do noso país.

Esta orde contradi de xeito flagrante as recomendacións publicadas no Informe do 2004 do Valedor do Pobo no capítulo 1.4, titulado "Control dos usos do solo rústico de protección agropecuaria na lei 9 / 2002" e redactado pola Vicevaldora segunda, Olga García Agra, onde se di, textualmente, que:

"Adicar as terras máis produtivas de Galicia para plantacións forestais é un uso prohibido pola norma, na medida que non só constitúe unha utilización irracional dos nosos recursos naturais, senón que implica un gran risco de deterioro da alta produtividade do solo, que é o valor declarado a protexer.

É necesario e urxente a aprobación do regulamento que desenvolva pormenorizadamente os usos do solo determinados pola lei, en especial as condicións e límites das facultades de realizar plantacións no solo rústico e da actividade de realizar construcións para uso residenciais no solo de protección agropecuaria".

Ademais, o informe de-

talla o grave problema en cuestión de superficie agraria útil que arrastra o agro galego por mor da proliferación descontrolada de plantacións forestais, especialmente de eucalipto, e da invasión de terras agrarias.

Os datos son reveladores: a superficie agraria útil en Galiza constitúe o 22% do territorio, mentres que no resto do Estado supón o 51%, e ningún país da Unión Europea ten menos do 40% do seu territorio dedicado a usos agropecuarios. E iso a pesar da sangría de explotacións que pecharon entre 1987 e 1997 no noso país, 112.600 (pasamos de 227.400 a 114.800), factor que debería ter contribuído a liberar terra para as explotacións que ficasen activas, e aumentar a superficie agraria útil. Paradoxalmente, a superficie agraria útil en Galiza diminuíu nesa mesma década en case 89.000 hectáreas. A causa é que boa parte da superficie agraria liberada polo peche de explotacións abandonouse ou forestouse.



O Conselleiro de Medio Ambiente non fixo caso do Informe do Valedor do Pobo do 2004

O SLG estudia emprender accións legais contra Medio Ambiente

Para o Sindicato Labrego Galego, o problema da forestación de terras agrarias é de grande transcendencia, pois priva aos labregos e labregas de dispoñer de base territorial suficiente para desenvolver a súa actividade, e provoca outros problemas directos como un encarecemento dos custes de produción e a intensificación do modelo agrario, resultando

disto unha produción alimentaria de peor calidade e con consecuencias negativas para a saúde humana.

O SLG reitera a súa oposición a esta acción da Consellaría de Medio Ambiente e insta ao Goberno galego a que a retire inmediatamente. Ademais, o Sindicato Labrego estudiará a posibilidade de emprender accións legais contra esta orde.

Quintana escoita as propostas do SLG para unha nova política agraria

O pasado 25 de maio, reuníase unha representación da Executiva do SLG co candidato á Presidencia da Xunta polo BNG, Anxo Quintana, coa intención de dialogar sobre a política agraria que debería adoptar o novo Goberno galego. Por parte do sindicato, estiveron a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra; o responsábel do sector de ovino e caprino, Xosé Antón Ledo; a coordinadora da Secretaría da Muller, Isabel Vilalba; e Pura Seoane. Acompañaron a Quintana o deputado Bieito Lobeira e o Secretario de Organización do Bloque, Luís Barcia.

Unha das cuestións sobre a que máis se incidiu foi a

necesidade de diálogo, que se debería concretar na creación dun Consello Agrario Galego, e na eliminación das cámaras agrarias. Neste senso, o novo Goberno debería iniciar un proceso negociador para devolver ese patrimonio sindical ás organizacións.

Outra das cuestións fundamentais da que se falou foi do importante que sería que as accións de goberno en materia de agricultura estivesen rexidas pola soberanía alimentaria. Isto implicaría políticas para que as explotacións labregas orienten a súa produción a abastecer os mercados galegos, ou facilitar o acceso á terra coa

paralización da política de forestación de leiras.

En canto á seguridade alimentaria, o SLG defendeu a tolerancia cero aos transxénicos; e declarar a Galiza como país libre de organismos manipulados, do mesmo xeito que fixeron Euskadi e Asturias.

Outro dos piares fundamentais das políticas agrarias da Xunta debería ser unha lexislación sobre contratos agrarios interprofesionais de cara a establecer uns prezos mínimos para os produtos que cubran custes e traballo.

O SLG tamén lle pediu a Quintana que apostase por unha agricultura labrega



sostíbel que manteña os postos de traballo agrarios, xere unha alimentación san e de calidade, e sexa respectuosa co medio ambiente.

Completo a lista de temas tratados a problemática das mulleres labregas. Neste senso, insistíuse na necesidade de facer efectiva a cotitularidade nas explotacións que recolle a Lei

Galega de Igualdade, e dotar ao medio rural dos servizos necesarios para que liberen ás labregas doutras tarefas adicionais ao seu traballo.

Ao final do encontro, Anxo Quintana manifestou unha boa acollida a todas estas cuestións, e á posibilidade de poñelas en práctica en caso de chegar a gobernar.

Un estudio revela que o millo MON 863 é nocivo para a saúde

Trátase dun informe segredo da propia multinacional Monsanto que descubriu o xornal *The Independent*

Moitas foron as novas relacionadas co mundo dos transxénicos, pero dúas de especial interese. Unha ten que ver coa denuncia de varias organizacións ecoloxistas que revelaron que o Ministerio de Agricultura estaba

Tres organizacións ecoloxistas (Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción e Greenpeace) veñen de denunciar a desidia do Ministerio de Agricultura na polémica dos cultivos transxénicos. A razón é que, segundo datos do propio Ministerio, en España séguese cultivando variedades de millo transxénico de tipo Bt176, amais de terse sementado millo Bt10 ilegal importado de Estados Unidos.

Estas organizacións criticaron que, dende que se comezaron a sementar transxénicos en España en 1998, o cultivo de organismos manipulados realízase no Estado en "condicións escandalosas: ausencia flagrante de medidas de precaución, propagación da contaminación a produtos non transxénicos, incógnita total do destino das colleitas, contaminación a produtos non transxénicos, etcétera".

En canto aos tipos de millo que os ecoloxistas denuncian, a Axencia Europea

de Seguridade Alimentaria recomendou a prohibición do Bt176 a partir de xaneiro de 2005, que a Asociación Española de Seguridade Alimentaria (Aesa) ordenou prohibir de xeito efectivo en territorio español.

O Bt10 tamén é ilegal, e estase introducindo de xeito criminoso en Europa a través de importacións que veñen de Estados Unidos (poderíanse ter introducido unhas 1.000 toneladas dende o ano 2001).

a permitir o cultivo de millo manipulado ilegal en España. A outra, a filtración dun estudio de Monsanto que confirma que o millo MON 863 afecta aos riles, ao sangue e ao sistema inmunolóxico de quen o consume.



Os ratos alimentados con millo MON 863 sufriron unha mingua no tamaño dos riles e trocos na composición do seu sangue

Un estudio revela danos en sangue e riles por consumir millo manipulado

Un estudio que a multinacional estadounidense Monsanto pretendía manter en segredo, vén de filtrarse e de disparar a polémica. Nese estudio, publicado polo xornal *The Independent* e realizado polo experto británico Arpad Pusztai, revélase que ratos que comeron millo MON 863 durante noventa días sufriron unha diminución no tamaño dos seus riles e trocos na composición do seu sangue, ficando danado o seu sistema inmunolóxico.

O mesmo estudio realizouse con millo tradicional, que non afectou aos roedores do experimento. Ademais, o MON 863 ten

un marcador xenético resistente aos antibióticos.

Non embargante, o máis escandaloso do tema é a complicidade da Administración, pois este documento foi enviado por Monsanto á Axencia Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), que concluíu, en outubro de 2004, que "nada indica que haxa que preocuparse pola seguridade para o consumo humano e animal do MON 863".

Curiosamente, dictames coma este son os que utiliza a Comisión Europea para legalizar os organismos manipulados na Unión de xeito unilateral.

Asturias entra na rede de países e rexións europeos libres de OXMs

O Principado de Asturias formalizou a súa incorporación ao grupo de rexións e países da Unión Europea que queren desenvolver unha agricultura ceibe de organismos xeneticamente manipulados.

A Conselleira de Medio Rural asturiana, Servanda García Fernández, foi a encargada de asinar a incorporación a esta rede, que xa consta de 26 membros, entre eles Euskadi. Entre as últimas incorporacións a esta alianza cómpre salientar as da rexión italiana de Umbria, a francesa Pirineos Centrais, ademais dalgúns rexións gregas. Na lista de espera hai tres rexións francesas máis: Centro, Borgoña e Picardie.

A conselleira explicou que é razoábel protexer os cultivos contra os transxénicos en zonas amplas ou, mesmo, en todo o territorio asturiano. Como razóns para esta decisión alegou a defensa das características da paisaxe, das zonas naturais, dos produtos gastronómicos, e da política de potenciación das denominacións de calidade no medio rural. Ademais, Servanda García tamén ve avantaxes económicas nunha agricultura libre de transxénicos.

O Presidente Lula comprométese a asentar 400.000 familias no campo

A marcha iniciada polo Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), de Goiânia a Brasília, acadou varios compromisos do Presidente do país, Luiz Inazio Lula da Silva. Foron quince días de marcha ao longo de 250 quilómetros.

Aínda que foron 12.000 as persoas que fixeron a camiñada, á súa chegada a Brasília, o 17 de maio, lograron concentrar preto 30.000 manifestantes que protestaron pacificamente ante a embaixada de Estados Unidos e o Ministerio de Facenda. En palabras dunha das coordinadoras da mar-

cha, Rosana Fernandes, "estamos aquí só para lembrar que este lugar é noso, do pobo brasileiro, e non do Fondo Monetario Internacional ou dos Estados Unidos". Ese mesmo día, unha delegación de corenta Sem Terra reuníronse cos presidentes do Senado e da Cámara dos Deputados. Pero os encontros máis importantes virían ao día seguinte.

O 18 de maio, un representante Sem Terra de cada estado brasileiro e a coordinadora nacional do movemento reuníronse co Presidente Lula, que admitiu que "se non cumprimos as metas

da reforma agraria, teremos un problema de conciencia con nós mesmos". O encontro durou tres horas, pero non se concretou en ningunha medida.

Estas virían máis tarde, tralo encontro co Ministro de Desenvolvemento Agrario, Miguel Rosetto, que anunciou sete puntos de compromiso. O máis importante foi asentar a 400.000 familias ata o final de mandato no ano 2006, é dicir, darlles terras en propiedade suficientes para traballalas e vivir delas dignamente. Para este ano, o obxectivo pretende acadar esta meta para 115.000 familias.



O presidente brasileiro Lula prometeulle aos Sem Terra asentar a 115.000 familias xa no presente ano 2005

Outras medidas destacábeis foron a creación de liñas de crédito para fomentar a agricultura familiar e para os asentados con programas de reforma agraria. Tamén se van crear novos criterios para a análise de produtividade de terras, instrumento

que determina se un terreo pode ou non ser expropiado.

Ademais, reforzarase o Instituto Nacional de Colonización e Reforma Agraria (Incra) coa contratación inmediata de 137 traballadores, e oposicións para cubrir 1.300 novas prazas.

Viticultores de Rías Baixas descubren co SLG a rexión dos Vinhos Verdes

A Xunta desbaldirá 16'5 millóns de euros para ocupar con árbores 7.500 hectáreas de terras agrarias

Un grupo de 25 viticultores e viticultoras do Sindicato Labrego Galego, que viñan dende varias comarcas das Rías Baixas, realizaron unha visita á Estación dos Vinhos Verdes Amândio

Galhano, na localidade de Arcos de Valdevez (Portugal), aproveitando a festividade do Día das Letras Galegas. Esta viaxe completouse coa visita, pola tarde, da Cooperativa Vitivinícola de

Ponte de Lima. A experiencia serviu para comprobar que non hai demasiadas diferencias en cuestión de variedades de uva e condicións climáticas cos nosos veciños do sur.

Na Estación dos Vinhos Verdes Amândio Galhano, os visitantes foron recibidos polo seu director, João Garrido, que explicou que esta entidade de xestión privada, está sendo apoiada a través de fondos públicos de orientación á extensa Rexión Demarcada dos "Vinhos Verdes", que cubre practicamente todo o norte de Portugal ata a zona de Porto, xunto á costa, e ata Vila Real, xa no interior (trátase da segunda rexión vinícola en extensión das que existen en Portugal).

A Estación dos Vinhos Verdes Amândio Galhano está a traballar na orientación técnica e práctica da vitivinicultura atlántica baixo condicións ecolóxicas moi semellantes ás que temos nós na zona das Rías Baixas. Os viticultores e viticultoras galegos puideron comprobar que as castes coas que traballan nesta zona de Portugal son as mesmas, na maior parte, que as de Galiza: Trajadura, Albarinho, Loureiro, Vinhao (ou Souson), Touriga Nacional, Bastardo (ou Merenzao) Albarehao (ou Brancelho), etcétera.

A Estación dos Vinhos Verdes Amândio Galhano posúe máis de sesenta hectáreas utilizadas como fincas experimentais (un claro contraste se as comparamos coas escasas cinco hectáreas de que dispón a nosa Estación Vitícola e Enolóxica de Galiza) para probar diversos sistemas de condución como o Lys, Cordón Alto, Lira, etcétera.

Tamén se está a traballar na Estación Amândio Galhano na obtención de planta senxertadas en patróns de vigor baixo, como o 101-14, SO4, 196-17, 1103P, e outros máis, incluso despregando o R-110, que non é para nada aconsellábel na Galiza, a pesares da súa forte implantación.


A cooperativa de 2.000 socios de Ponte Lima

Xa pola tarde, a excursión desprazouse para visitar a Cooperativa de Ponte de Lima, que leva funcionando desde os anos sesenta e integra, na actualidade, a máis de 2.000 socios e socias.

Nesta cooperativa, están a elaborar un abano variedades que abrangue cinco tipos de viño: Loureiro, Loureiro PI (co certificado da Producción Integrada), Tinto Vinhao, Tinto e Branco de Amado (que ten algunha dozura e está orientado a un consumo preferentemente feminino).



A Estación Amândio Galhano conta con sesenta hectáreas utilizadas como finca experimental



Cada curso celebrárase en varios lugares de Galiza. Se desexas máis información, pregunta na túa oficina do SLG máis achegada.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

Producción Tripartita
PARA A PROMOCIÓN DO VINO

HORAS	DENOMINACIÓN
30	AGRICULTURA ECOLÓXICA. BÁSICO
30	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS. USO AGRÍCOLA
25	APLICACIÓN RACIONAL DOS MEDIOS DE PRODUCCIÓN
40	ARTESANÍA ALIMENTARIA
50	ARTESANÍA EN CERÁMICA E MADEIRA
30	CATA E ELABORACIÓN DE VIÑOS
25	CURSO BÁSICO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO
30	ELABORACIÓN ARTESANAL DE PRODUTOS ALIMENTARIOS
20	FRUTICULTURA
20	HIXIENE, SANIDADE E CALIDADE NA PRODUCCIÓN DE VACÚN
30	INFORMÁTICA USUARIO: INTRODUCCIÓN ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICAS
60	INFORMÁTICA APLICADA A EMPRESA AGRARIA
30	NOVAS TECNOLOXÍAS NO CULTIVO DA VIDE
25	ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS
40	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS
20	PODA DE ÁRBORES
30	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE AGRARIA
40	RESTAURACIÓN DE MOBLES E FERRAMENTAS DO CAMPO
25	TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN
35	XARDINERÍA I: ARTE FLORAL



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIÓN
LABREGAS

O SLG denuncia o impago dos anticipos para a reestruturación do viñado

O Sindicato Labrego Galego denunciou, diante de numerosos medios de comunicación, o grande atraso no pago dos anticipos que se está acumulando. Isto fai que, a día de hoxe, aínda non recibisen estes cartos os viticultores que solicitaron axudas á reestruturación do viñado no 2004.

Para decatarse da gravidade desta demora, cómpre ter en conta que, para recibir o devandito anticipo, é obrigatorio que os posíbeis beneficiarios subscriban avais bancarios por valor do 120% da axuda aprobada, e que os bancos xa cobraron os primeiros xuros trimestrais.

En anos anteriores xa se tiña cobrado en marzo, polo que o Sindicato Labrego Galego pregúntase onde están os cartos. Se callar, foron parar a esa revista *informativa* que Política Agroalimentaria está a mandar para maior gloria dos políticos do PP, ou nas 50.000 racións de empanada que se andan repartindo por aí.

Discriminan nas axudas a adegas á Denominación de Orixe de Monterrei

O Sindicato Labrego Galego ten informado, durante o mes de maio, da baixada nas porcentaxes de subvención para apertura e mellora de adegas, que pasou do 47% no ano anterior, ao 30% neste ano.

Esta baixada traduciuse nunha discriminación sensible de comarcas como Monterrei, en Ourense, onde inicialmente se lles asegurou aos profesionais do sector que as axudas non baixarían en atención da necesaria consolidación da denominación de orixe que, polo de agora, ten poucas adegas e elabora menos do 10% do viño do Val.

Isto contrasta cos máis de 3 millóns de euros que recibiu o xigante Coren na mesma liña de subvencións, nunha clara aplicación do "todo para min en nada para vós".

Manuel Docampo Paradelo, viticultor ecolóxico da Denominación de Orixe Valdeorras

“Ao PP non lle interesan as iniciativas de recuperación do noso medio rural”

Manuel Docampo é viticultor dende 1999. Ten dúas hectáreas de viñado de variedades autóctonas, inscritas na DO Valdeorras e no Consello de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega), situadas na Serra da Enciña da

Lastra. Entre 2003 e 2004 construíu unha adega para vinificar as súas uvas. Agora, vende o seu viño baixo a marca "Bacelos de Biobra", e está construíndo unha destilería para augardentes e licores ecolóxicos.

■ ¿Cales son os motivos polos que te incorporaches a agricultura?

A procura dunha actividade rendible, san, creativa e satisfactoria. Na actividade labrega as estacións, o clima e a terra son os que marcan o ritmo. Só tes unha colleita anual -polo que non vale estresarse-. Ademais, lonxe de ser rutinaria, resulta creativa: sempre hai algo que aprender e a propia natureza che di cales son os teus erros e os teus acertos. Despois de seis anos de actividade, estou en condicións de afirmar que gañei moito en calidade de vida.

■ ¿Por qué viticultura ecolóxica?


Viticultura porque Valdeorras é viño e castañas, e porque o traballo dos soutos nunca me gustou e sempre fun un gran amante do viño. O de facer produción ecolóxica é unha cuestión de principios: non podes ter produtos de calidade se tes unha relación agresiva coa terra e coa planta. Todo o que pretende ser consumido, debería ser obrigatoriamente saudábel. Ademais, en Valdeorras non é necesario facer outro tipo de viticultura.

■ ¿Por qué cees que na Galiza hai poucas iniciativas como a túa?

Ao goberno do PP non lle interesa que saian iniciativas tendentes á recuperación do rural. Eles alimentan o seu caciquismo co despoboamento e o avellentamento das nosas aldeas. O interesante para eles é o control político e económico, non o benestar das persoas.

■ ¿Que papel consideras que debería xogar a Administración?

A problemática dos produtores de ecolóxico é como a do resto dos labregos e labregas. Pero, a maiores,



Manuel Docampo ten dúas hectáreas de viñedos cultivados por métodos ecolóxicos

deberíanse abrir liñas de traballo dirixidas a estruturar e apoiar o sector, promover a elaboración e transformación dos produtos, adecuar os sistemas de cer-

tificación e control, fomentar o consumo, apoio á comercialización, e incentivar a formación e a investigación. Todas as medidas deben ir encamiñadas a que

os labregos e as labregas teñamos rendas satisfactorias, garantindo así a supervivencia do medio rural nos aspectos social, cultural, ambiental e económico.

“Galiza ten condicións propicias para a viticultura ecolóxica”

■ ¿Cal é o futuro da viticultura ecolóxica?

Excluindo algunhas zonas das rías Baixas, Galiza presenta condicións naturais propicias para o desenvolvemento da viticultura ecolóxica. Tamén ten unha imaxe ambiental positiva que permite acudir con boas expectativas a estes mercados. Eu estou convencido que boa parte dos problemas na comercialización dos nosos viños brancos remataríanse se fosemos capaces de reconverter boa parte da nosa produción a ecolóxico. As características dos Godellos, Alvarinho, Treixaduras fai que teñan grande aceptación en países como Bélxica ou Alemaña, grandes consumidores de viños ecolóxicos.

■ ¿Que pensas do Craega?

A única función que está a desenvolver é a de control, e só controlando non se impulsa un sector. É necesario formar, informar, asesorar e axudar á difusión e comercialización dos produtos.

■ ¿E que opina da trazabilidade e da seguridade alimentaria no eido do viño?

A trazabilidade nunha adega dun colleiteiro que elabora viño só das súas parcelas está garantida e non debería ter formulismos burocráticos, moito máis cando unha persoa fai todos os labores. A seguridade alimentaria debe ser responsabilidade da Xunta, xa que non depende só de produtores e elaboradores. Tamén hai que garantir a calidade medioambiental, os fitosanitarios, etcétera.

O SLG contribúe a definir a estratexia da agricultura ecolóxica no Estado

Participou nos encontros organizados por COAG para definir as bases do Plan Estratéxico estatal

O Sindicato Labrego Galego asistiu ás xuntanzas da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) en Madrid para participar na elaboración do documento "Proposta base para a produción e ali-

mentación ecolóxica" (plan estratéxico estatal). Foi o 22 de abril, e á reunión asistiron Charo Sánchez, como representante do sector ecolóxico, e Xosé Ramón Cendán, en representación da Executiva do SLG.

A orde do día deste encontro incluía o tema da coexistencia cos transxénicos, o Plan Estratéxico da Agricultura Ecolóxica, a Lei de Sementes, e a coordinación do sector. Na xuntanza houbo representación de todos os axentes involucrados no desenvolvemento da agricultura ecolóxica: produción, consumo, transformación, distribución, certificación, ecoloxismo, e política. Así, xuntáronse ao redor de corenta persoas pertencentes á COAG e ás unións que a compoñen, da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE), de varios consellos reguladores, certificadoras privadas como INTERECO, consumidores representados polo Grupo de Autoxestión de Consumo (GAK CAES) ou Baixo o Asfalto está a Horta (BAH). Ademais, estiveron tamén as organizacións ecoloxistas Greenpeace, Amigos da Terra, e Ecoloxistas en Acción, amais dalgunha representación política, entre a que estaban Os Verdes.

Na xornada tratáronse, ao final, dous puntos: o Plan Estratéxico de Agricultura Ecolóxica e a problemática da coexistencia. No tema da coexistencia, o groso do traballo neste intre recae sobre as organizacións ecoloxistas. Neste eido, hai que lembrar que o SLG apoiou o documento "Crítica ao borrador da orde ministerial pola que se dispón a publicación das recomendacións sobre o coexistencia entre cultivos modificados xeneticamente, convencionais e ecolóxicos", que serviu para instar ao Ministerio de Agricultura a proceder á derogación inmediata do decreto Bio.

En canto ao plan estratéxico, dado que parece ser que hai perspectivas de relanzalo dende o Ministe-



O documento final centrou as Xornadas de Reflexión e Debate da Agricultura Ecolóxica

rio de Agricultura, aproveitouse esta xuntanza de consulta do sector de agricultura e alimentación ecolóxica para afondar nas posicións comúns e aportar a documentación relacionada co tema dos participantes.

Nesta primeira xuntanza dende o SLG entregamos o

borrador da nosa "Táboa Reivindicativa da Produción Ecolóxica" -que vén sendo un plan estratéxico a nivel galego- xa que aínda faltaban algúns días para celebrar a xornada nacional de debate final deste documento. Así, o Sindicato Labrego aportou as propostas galegas ao sector

ecolóxico para ser debatidas e aportadas ao documento estatal.

Neste encontro tamén se decidiu a creación dun Comité de Redacción para facer o traballo de recompilación das achegas e facer un documento base de consenso e, posteriormente, remitirlos aos asistentes.

UPA, permisiva en cuestión de OXMs, non apoiou o documento

A segunda convocatoria foi o 19 de maio, e a ela asistiron Charo Sánchez, como da vez pasada, e Carme Freire pola Executiva. Nesta ocasión houbo dúas xuntanzas: unha primeira só para COAG, na que consensuaron as achegas das unións; e, a continuación, un encontro cos resto dos sectores implicados. O SLG queixouse pola presenza de grupos políticos.

O comité de redacción presentou o borrador do documento, no que xa estaban recollidas moitas das demandas do SLG. Cada organización expuxo as súas alegacións e o comité de redacción encargouse de incorporalas, ata conseguir consensuar o documento base.

O sindicato UPA non apoiou o documento, xa que non estaban de acordo no tema dos organismos modificados xeneticamente. O posicionamento do SLG en contra dos OXMs foi firme, ao igual que o das diversas organizacións; en contraste

coa posición permisiva, por non dicir favorable, de UPA.

Así, ao final do traballo chegouse a un documento que foi prioritario e estivo presente nas xornadas de reflexión e debate sobre a Agricultura Ecolóxica, tiveron de Madrid, o 26 e 27 de maio.

A Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG declarou que "resulta prateiro ver os froitos do traballo de elaboración da Táboa Reivindicativa da Agricultura Ecolóxica. Levounos un ano elaborala e, finalmente, aprobámola a principios de maio. A Táboa Reivindicativa é unha importante ferramenta de traballo na que figuran as propostas para desenvolver e favorecer a produción e o consumo de alimentos ecolóxicos no noso país. Introducímola nos futuros debates e negociacións coas diferentes administracións involucradas no desenvolvemento da agricultura ecolóxica".

Feiras ecolóxicas en xuño e xullo nas localidades de Valdeorras, Nádela e Boiro

Co inicio do verán, vanse celebrar varias feiras ecolóxicas na xeografía galega. Son as seguintes:

■ **18 de Xuño:** Ecomercado en O Barco de Valdeorras. Xa se fixo o ano pasado. Todo tipo de alimentos naturais.

■ **26 de xuño:** En Nádela (Lugo), celébrase este ano, por primeira vez, a recuperación dunha feira tradicional. Organiza a Asociación de Veciños "Carballeira de Nádela"; Colaboran: ADEGA, APEGA, e varias asociacións de veciños. Haberá dúas zonas: unha para o produto certificado, e outra para os artesáns.

■ **Principios de xullo:** Durante varios días, celebrarase en Boiro unha exposición e venda de produtos ecolóxicos no marco das festas patronais. Organiza o Concello.

As bases de datos sobre sementes ecolóxicas está dispoñíbel na web do Ministerio

Para poder acceder á base de datos sobre sementes ecolóxicas do Ministerio de Agricultura, hai que consultar a páxina web www.mapya.es/app/EcoSem/consultasemillas. Pódense consultar zonas de subministro, contactos de empresas e variedades dispoñíbeis.

Neste momento, finalizou a moratoria para o emprego de semente convencional en agricultura ecolóxica. Cando rematou esta moratoria, o pasado 31 de xaneiro de 2003, esta base de datos estaba practicamente baleira, estableceuse unha marxe de dous anos para poder usar semente convencional solicitándoo debidamente, ao cabo dos cales revisárase a situación de abastecemento (é dicir, a finais deste ano). Está previsto que haxa que empregar a partir dese intre semente de orixe ecolóxica.

Esta base será a de referencia cando teñamos que abastecernos de semente ecolóxica mercada.

O Ministerio elimina unha das medidas que favorecían ás produtoras de leite

O Plan de Reestruturación do Sector Lácteo contradí a igualdade de oportunidades prometida polo Goberno

Malia a todas as promesas realizadas, o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo, do Ministerio de Agricultura, non contempla ningunha medida que beneficie a implantación da cotitulari-

dade nas explotacións ou que promova a presenza da maioría das mulleres que traballan nas explotacións leiteiras. A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego considera

inxustificado que, por parte do departamento que dirixe Elena Espinosa, se elimine a puntuación adicional para mulleres titulares e cotitulares de explotacións lácteas.

O actual Goberno manifestou en numerosas ocasións como un obxectivo fundamental atinxir a paridade e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Sen embargo, eliminou esta medida que se recollía nos artigos 18 e 28 do Real Decreto 347/2003, do 21 de marzo, modificado polo Real Decreto 313/2005. Non só non se promoven accións para a consecución da igualdade, senón que se suprimen as poucas existentes.

Tras trasladarlle ao Ministerio de Agricultura e de Asuntos Sociais o rexeitamento do Sindicato Labrego Galego por esta acción, Elena Espinosa contestou que se ía apoiar a participación das mulleres na actividade gandeira dividindo a cota entre os dous cónxuxes que traballen na explotación, a efectos de "considerar a dimensión necesaria para acceder á



O Plan de Reestruturación Lácteo nace cunha eiva ao non favorecer ás mulleres do sector

cualificación de explotación preferente", isto é, para pasar ao tramo das explotacións de menos de 177.000 quilogramos se tivesen unha cota superior.

A consideración do papel que desenvolven as mulleres que non son titulares nas explotacións sempre foi valorado desde o Sindicato Labrego como un avance

positivo; aínda que, neste caso concreto, non resolve nada á maioría das explotacións nas que as mulleres son titulares ou nas que traballan como axuda familiar.

Na exposición inicial do Real Decreto figura como obxectivo fundamental asegurar a permanencia no sector lácteo do maior número

posible de explotacións e garantir un tamaño axeitado para proporcionarles a viabilidade económica a esas granxas. En Galiza, hai aproximadamente 18.000 explotacións con menos de 177.000 quilogramos de cota, fronte a só 3.500 explotacións con máis de 177.000 quilos, parte delas asociativas, co cal este crite-

rio non lles suporía mellora ningunha. Con esta medida, a gran maioría das explotacións galegas, as de menor dimensión e que teñen máis dificultades para acceder á cota, case todas rexentadas por mulleres, non obteñen axuda de ningún tipo.

Na carta, a Ministra reitera o compromiso do Goberno e do Ministerio de Agricultura na defensa da igualdade de oportunidades para a muller, o cal resulta totalmente contradictorio co feito de incluír entre as primeiras accións do Ministerio a eliminación dunha das poucas medidas de discriminación positiva existentes para as mulleres labregas, un colectivo realmente desfavorecido e un exemplo claro de discriminación, por vivir nun contorno cunha carencia de infraestruturas e de servizos evidente, por desenvolver unha actividade económica dura e, moitas veces, escasamente remunerada.

A Secretaría da Muller do SLG, con motivo do 12 de maio, Xornada Internacional para o Recoñecemento da Fibromialxia ou Síndrome da Fatiga Crónica, denunciou a falla de recursos destinados ao tratamento desta doenza, que afecta maioritariamente a mulleres (o 95% das persoas afectadas). Por se fose pouco, as labregas son un dos colectivos que máis padece esta doenza.

Moitas mulleres sofren, en medio da falla de recoñecemento, os síntomas desta enfermidade, que chega mesmo a invalidalas.

Dentro das enfermidades somáticas, a síndrome da fibromialxia caracterízase por unha dor crónica muscular, altos niveis de fatiga, inestabilidade emocional, perturbación do sono, e afectación da actividade diaria e relacións sociais.

En 2002, con motivo da celebración en Murcia do primeiro congreso estatal sobre saúde feminina, apuntáronse como factores que con-

O SLG pide que admitan a fibromialxia como doenza laboral das mulleres

tribúen ao desenvolvemento desta enfermidade a asunción de responsabilidades de xeito temperán, a visión pesimista na comprensión e manexo dos problemas, un alto grao de autoexigencia, ou a realización de traballos pouco valorados. A maioría das labregas e, en xeral, as mulleres que habitan no medio rural, presentan varios ou todos eses factores, o que fai que a fibromialxia sexa elevadísima nas mulleres deste contorno.

As labregas, entre as mulleres máis afectadas

As labregas asumen en solitario moitas cargas familiares, coidado da infancia e de persoas maiores, tarefas domésticas, prolongadas xornadas laborais, etcétera; todo iso

nun medio caracterizado pola falta de infraestruturas e de recursos

Trátase dunha enfermidade arredor da cal hai un descoñecemento importante, que fai que moitas pacientes peregrinen ducias de anos ata por 16 especialidades médicas, sen obter un diagnóstico axeitado e sen mellorar o seu estado. Actualmente, nin sequera forma parte dos planos de estudio nas facultades de medicina do Estado.

Con este panorama, as mulleres "teñen moitas veces que demostrar" que o problema existe, aínda cando elas mesmas en xeral non teñen os coñecementos para saber "qué lles pasa". É importante lembrar que a fibromialxia, como doenza que causa dor en músculos, articulacións, ligamentos e tendóns, non é

detectable con radiografías ou outras probas ao uso.

A isto cómpre engadir que a fibromialxia, como cabía esperar, non figura no actual cadro de enfermidades profes-

sionais. Resulta anacrónico manter como criterio para o recoñecemento de enfermidades profesionais unha lexislación que data dos anos setenta, con realidades sociais e laborais totalmente diferentes ás de hoxe. Durante todos estes anos só se realizaron pequenas modificacións en 1981 e 1993, esta última para incluír unha enfermidade detectada no sector da aerografía téxtil de Valencia.

A Secretaría da Muller do SLG, neste sentido, solicitou que se actualice o cadro de enfermidades profesionais a partir da análise profunda da situación sociolaboral dos traballadores e traballadoras, posto que o mantemento dos parámetros actuais motiva que moitas mulleres e homes non obteñan nin o recoñecemento nin as medidas axeitadas.

Crónica

Mulleres do SLG de todas as comarcas contribúen á Colcha Mundial da Solidariedade co seu traballo
Tecendo camiños de solidariedade

por Isabel Vilalba Seivane

As mulleres do SLG recibimos a Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade e a Colcha Mundial da Solidariedade, que pasaron por Galiza do 20 ao 23 de maio de 2005. Durante os

días previos, as compañeiras traballadoras e afiliadas do Sindicato Labrego Galego participamos activamente nas diferentes comarcas no proceso de confección da Colcha Galega

da Solidariedade, que xa atesoura unha cantidade importante de anacos e que seguirá construíndose ata o día 17 de outubro, momento no que chegará a Burkina Faso a manta mundial.

A Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade é un texto fundador do mundo que queremos construír. Con ela propoñemos alternativas económicas, políticas, sociais e culturais para que se faga posible ese outro mundo. A carta ten as súas raíces nos valores universais fundamentais de igualdade entre as persoas e entre os pobos, as solidariedades, cimento da humanidade; as liberdades, garante da diversidade enriquecedora, a xustiza e a paz.

O venres 20 de maio, un pequeno transbordador partiu da vila portuguesa de Camiña e trasladou a carta e a colcha ata a vila galega de A Guarda. Nunha cerimonia moi emotiva, un grupo de mulleres remeiras galegas inzaron coa cor laranxa das súas camisetas as tranquilas augas do Miño, acompañando o transbordador. Xa na beira galega, houbo intervencións das mulleres portuguesas e galegas, actuacións musicais e lecturas da carta mundial.

Fomos moitas as mulleres que nos achegamos o sábado 21 ata Vigo para participar na elección do anaco galego que, xunto cos anacos elaborados por mulleres de cinco continentes, conformarán a Colcha Mundial da Solidariedade. Mentres un número moi importante de compañeiras traballaron a reo para unir os anacos chegados dende todas as partes de Galiza, entre os que figuraba a manta confeccionada polas mulleres do Sindicato Labrego Galego; intercaláronse lecturas da carta con actuacións musicais e poesía.

A responsábel da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, realizou unha das lecturas da Carta Mundial, na



que se afirma o compromiso coa igualdade de todos os seres humanos e de todos os pobos, en todos os ámbitos e en todas as sociedades; sen que ningún costume, tradición, relixión ou ideoloxía poidan xustificar o pór a unha persoa en situación de inferioridade, nin permitir actos que poñan en perigo a súa dignidade ou integridade física. Finalmente, afirmamos tamén que ningún país pode pretender a súa superioridade sobre outro e limitar o acceso universal aos recursos, xustiza, traballo ou propiedade.

Algunhas compañeiras do Sindicato Labrego Galego asistimos tamén, o domingo en Compostela, aos actos de despedida da Carta e da Manta Mundial, que a continuación viaxaron ao Euskadi para seguir a súa andaina.



Nas imaxes, diversos intreos protagonizados polo Sindicato Labrego Galego nos actos de entrega da Carta Mundial das Mulleres para a Solidariedade: arriba, a colcha confeccionada por afiliadas e traballadoras do SLG en todas as comarcas; abaixo, á esquerda, a responsábel da Secretaría da Muller do SLG e autora desta crónica, Isabel Vilalba, que puxo voz ás labregas galegas no evento; ao seu carón, a instantánea capta o intre no que se coseu a colcha do SLG aos anacos confeccionados por outras mulleres e organizacións sociais de Galiza para conformar a Colcha Galega da Solidariedade.

Aproban o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo

■ Con el, ponse en marcha un Plan de Abandono ao que se poderán acoller ata o 29 de xuño

■ As persoas interesadas, poderán mercar cota láctea do fondo ata o 21 de xuño

■ Programa estatal de abandono:

Poderán solicitar a indemnización por abandono todos os produtores que teñan cota asignada a 1 de abril de 2005, excepto aqueles que solicitasen unha cesión temporal durante o período 2005 / 2006.

A indemnización será de 0,50 euros por cada quilogramo de cota indemnizábel. A indemnización incrementárase até os seguintes importes: a) 0,55 euros para os solicitantes que teñan cumprido 56 anos. b) 0,60 euros, para os solicitantes que teñan cumprido 60 anos. c) 0,70 euros, para os solicitantes que teñan cumprido 64 anos.

As solicitudes terán de prazo ata ou 29 de xuño. A notificación da resolución farase nun prazo de tres meses, é dicir, que as persoas que se acollan saberán se aceptan a súa solicitude antes do 29 de agosto.

■ Adquisición de cota láctea:

Unha parte asignarase aos produtores / as que así o soliciten, previo pago dun importe de 0,50 euros por quilogramo. O resto será obxecto de asignación complementaria gratuíta e terá a consideración de cota da reserva nacional.

Os solicitantes que desexen obter a asignación de cotas do fondo deberán ser titulares dunha explotación gandeira e cumprir unha serie de requirimentos. En canto á asignación, utilizaranse unha serie de criterios que farán que unhas explotacións teñan preferencia sobre outras á hora de adquirir cota.

As solicitudes de cota láctea terán que tramitarse antes do 21 de xuño.

Ante calquera dúbida, consulte na súa oficina máis cercana do Sindicato Labrego Galego.

Plan Renove para tractores

Orde do 13 de maio de 2005 pola que se establecen as axudas para a renovación do parque de tractores.

A axuda consistirá nunha subvención ao achatarramento de tractores antigos, sempre que vaia acompañado da adquisición dun novo tractor. A contía base da axuda establécese en 30 euros por cabalo de vapor (CV) da potencia homologada do tractor achatarrado.

A contía base da axuda incrementárase por ser titular dunha explotación agraria prioritaria, por ser agricultor/a mozo/a, ou por estar a explotación en zona cualificada como desfavorecida. O tractor antigo que se achatarra deberá ter máis de 20 anos de antigüidade.

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte á publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, é dicir, ata o 13 de xuño de 2005.

■ Axudas para repoboar montes con coello autóctono. Publicadas as bases no Diario Oficial de Galiza do 26 de maio de 2005. Pódense solicitar ata o 5 de xullo.

■ O SLG non vai tramitar ningunha axuda das correspondentes á orde do 13 de maio de fomento da forestación de terras agrarias.

A Xunta convocará a labreg@s para actualizar os datos das axudas da PAC antes do 15 de xullo

Estas axudas inclúen as de nutrices, cebo de machos de vacún, sacrificio bovino, extensificación, superficies, ovino e caprino, etc...

O Ministerio de Agricultura publicou no BOE do 2 de maio a Orde sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pago único nas axudas da Política Agraria Común (PAC).

Nestes intres, é a Xunta quen ten que convocar aos labregos e labregas de Galiza para que presenten a

documentación necesaria para que actualicen os seus datos e poidan cursar a solicitude. No BOE, obrígan a que isto se faga antes do 15 de xullo de 2005.

Para máis información sobre os documentos necesarios e a tramitación destas primas, poden dirixirse á súa respectiva oficina do SLG na súa localidade.

Remata o prazo para a Declaración da Renda

O SLG aconsella que @s afiliad@s traian toda a documentación antes do 17 de xuño

Vén de abrirse o prazo para facer a Declaración da Renda correspondente ao ano 2004. Dende o SLG, recoméndase á afiliación que queira traia a documentación ao seu local sindical antes do 17 de xuño. A documentación que cómpre é a seguinte:

⇒ Documentación obrigatoria en todos os casos:

- Declaración da renda do ano 2003.
- Datos persoais (nome e apelidos, Nº de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar.
- Preimputacións: dados de Facenda.
- Referéncia catastral da vivenda habitual (recibo da contribución urbana)
- Certificacións de rendimentos de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de Sociedades, Cooperativas, Montes veciñais, etc., que esteñan a nome de calquera dos membros da Unidade Familiar.
- Recibos da contribución urbana que esteñan a nome de calquer membro da Unidade Familiar. Importes cobrados por alugueres.

⇒ No caso de traballadores/as por conta allea, pensionistas, parados/as:

- Certificacións de retencións. (empresas, INSS, INEM, etc.)
- Cotizacións a sindicatos obreiros, se é o caso.

⇒ No caso de rendimentos da actividade agraria:

- Certificados de retencións das leiterías, xateiros, etc.
- Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.
- Xustificantes das subvencións recibidas no ano 2004 (nutrices, superficies, lactacións, seguros de gando, planos de mellora, prima láctea, etc.). Subvención do Agro-Seguro (Traer a cópia da póliza do 2004)
- Xustificantes de indemnizacións de agro-seguro, saneamento, etc.
- Facturas de venda de madeira (se é o caso)
- Facturas de Gasoleo B de todo o ano 2004. Facturas de fertilizantes e plásticos de uso agrícola comprados de setembro a decembro de 2004.
- Inventario da explotación (se non está feito é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra)

⇒ Outros ingresos, no seu caso:

- Documentación xustificativa de venda de Fincas, Vivendas, Activos financeiros, Fondos de investimento, etc.
- Subvencións de rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2004, etc.
- Facturas de venda de dereitos de nodrizas, cota de leite, etc.

⇒ Deducións e reducións:

- Aportacións a Planos de Pensións, aluguer de vivenda, hipotecas, etc.

Axudas a parceiros e arrendatarios de predios rústicos que exerzan o dereito á propiedade

Orde do 28 de abril de 2005 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos, que exerzan o seu dereito á propiedade.

As solicitudes de axudas poderán presentarse nos servizos centrais de Política Agroalimentaria, así como nas súas delegacións provinciais, oficinas agrarias comarcais. O prazo de solicitude estará aberto ata o 30 de setembro de 2005.

No SLG levamos tempo desenvolvendo un importante traballo de análise e elaboración de propostas dende as direccións sectoriais. Propostas que, unha vez debatidas e aprobadas, preséntanse como as alternativas do SLG ante os labregos e labregas, ante as administracións e ante a cidadanía. Nos últimos tempos, son cada vez máis os temas transversais que afectan a labregos e labregas, independentemente do sector no que traballen. Son cuestións que afectan moito ao desenvolvemento das nosas explotacións e, por iso, temos que analizalas e elaborar propostas e liñas de traballo para que desenvolva o Sindicato.

Para poder abordar estas cuestións con eficacia, e co obxectivo de que cada vez sexamos máis as persoas que coñezamos a fondo

@s afiliad@s poden participar nos grupos de formación interna do sindicato

e nos formemos nestas cuestións transversais, decidimos crear grupos de traballo abertos á afiliación, e nomear ás persoas que coordinarán e dinamizarán os grupos de traballo.

A Dirección Nacional acordou constituír os seguintes:

1.- Terra: As dificultades para o acceso á terra (forestación de terras agrarias, banco de terras, regulamentación dos usos do solo,...). Responsábel do grupo: Manuel Da Cal.

2.- Contratos agrarios, interprofesionais, relacións de compravenda de produtos agrarios. Responsábel do grupo: Xabier

Gómez Santiso

3.- Lei de Calidade Agroalimentaria. Consellos Reguladores. Mercados Locais e de proximidade. Responsábel do grupo: Carme Freire.

4.- Desenvolvemento Rural. Responsábel do grupo: Xosé Ramón Cendán

5.- Transxénicos. Responsábel do grupo: Xosé Manuel González Vilas

6.- Seguridade alimentaria. Responsábeis: Silvia González e Gabriel López

7.- Riscos Laborais e enfermidades profesionais. Responsábeis: Antonio Ferreiro e Marcos Louzao.

8.- Servizos no medio rural. Responsábel Mónica Amado.

9.- Pequenas explotacións. Responsábel: Lidia Senra.

10.- Agricultura labrega sostíbel. Responsábel: Antonio Villarino.

11.- Políticas de xénero: Responsábel: Isabel Villalba.

12.- Políticas para xubilados e xubiladas do sector agrario. Responsábel: Lidia Senra

Os afiliados e afiliadas que desexen participar nestes grupos de traballo, só teñen que chamar ou achegarse á súa oficina sindical máis cercana e dicir en que grupo desexan integrarse.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

3 eguas, unha parida e dúas preñadas; e un cabalo enteiro. en Portomarín (Lugo).
Chamar ao 982 187 272

Véndese

Máquina de limpar trigo.
Empacadora seminova 165.
Muíño de tractor.
Preguntar por Manuel no teléfono 982 175 132

Véndese

Herba seca.
Chamar aos teléfonos 982 528 123, ou 676 128 939

Véndese

10 vacas e un touro de raza caldelá. Zona de Lugo.
Preguntar por Nacho no teléfono 659 972 363

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de 339 litros.
Chamar ao 981 199 226

Véndese

Enxamios de abellas
Preguntar por Luís no teléfono 982 363 634

Véndese

Vacas frisonas por xubilación.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

8 vacas, con 8 crías, 6 xatas preñadas e 1 touro, tod@s de raza caldelá.
Preguntar por Pepe nos teléfonos 988 268 928 e 647 913 285

Véndese

Touro de carne en Oza dos Ríos (A Coruña).
Chamar ao 670 895 789

Véndese

Rotoempacadora CLAAS modelo Rollant 46. Seminova.
Chamar ao 981 797 225

Véndese

Vacas frisonas.
Preguntar por Fernando no teléfono 629 308 667

Véndese

Rotoempacadora
Tanque de frío de 640 litros.
Circuíto de tres puntos.
Chamar ao 650 650 055

Véndese

Tanque de frío de 200 litros.
Chamar ao 981 196 432

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 137 069

Véndese

Por peche de explotación leiteira:
Tanque de leite de 2.800 litros, con lavado automático, frío instantáneo e antixeo.
Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

vacas e xovencas inscritas no libro xenealóxico da raza rubia galega, en Cabreiros, Xermade (Lugo).
Chamar ao 699 290 176

Véndese

Máquina de sementar millo GAS-PARDO SP 520 de catro liñas.
Preguntar por Victor no teléfono 676 268 464

Véndese

Autocargador, picador, espa-rexedor PÖTTINGER de 33 m³.
Carro mesturador horizontal KUHN de 12 m³.
Preguntar por Xesús no teléfono 690 665 808.

Véndese

pa TENIAS seminova, acoplada a Massey Ferguson.
Chamar a partir das 22:00 horas ao teléfono 981 896 668.

Véndese

vacas e becerras limusinas de todas as idades, en Xermade (Lugo).
Chamar ao 609 864 738

Véndese

sala de muxido marca WESFALIA con 4 puntos, 2 medidores, descargue e lavado automático.
Tanque de frío de 650 litros marca JAPI. En Vilalba (Lugo).
Chamar ao 982 527 406

Véndese

sistema de rego: motobomba e tubos de 4 polgadas.
Chamar polas noites ao 981 896 668. Preguntar por Xosé Manuel

Véndese

invernadoiro de 6 x 15 metros, en boas condicións.
Chamar ao 982 243 894.

Véndese

motocultor.
Chamar ao teléfono 986 571 176

Véndese

circuíto de muxido marca GAS-COIGNE-MELOTTE con lavado automático de 4 puntos e con opción a 6. Catro anos de uso, en bo estado e a prezo económico.
Chamar ao teléfono móbil 635 793 613.

Véndese

tractor JONH DEERE con dobre tracción e segadora BCS seminova.
Preguntar por Agustín nos teléfonos 982 153 182, 981 196 883 e 679 966 032.

Véndese

vacas frisonas por cese de actividade.
Chamar ao mediodía e preguntar por Xabier no teléfono 982 207 733.

Véndese

circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos con retiradores. Catro anos.
Tanque ALFA LAVAL de 630 litros.
Chamar ao 637 545 179

Véndese

tractor JONH DEERE modelo 2.140.
Chamar ao 981 787 639.

Véndese

tractores agrícolas de importación con garantía.
Chamar ao teléfono 606 616 139 (Deza).

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou 988 419 035

COMPRAS

Mércase

Cisterna usada.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Mércanse

cabuxas de reposición, en Xermade (Lugo).
Preguntar por Fermín no 679 890 628.

Mércase

Arado CARRUXO 401.
Chamar ao 629 856 356

OUTROS

Necesítase

Traballador / a para explotación de horta, en Cedeira.
Chamar ao 649 979 247

Búscase

Traballador / a con carné de conducir para a campaña de verán en Maceda (Ourense).
Chamar aos teléfonos 636 788 559 e 988 438 603

Necesítase

xente para traballar con tractores no Concello de Ordes (A Coruña).
Interesa@s chamar ao teléfono 619 301 049

Regálanse

cachorros de raza Pastor Alemán.
Chamar ao 982 154 865.

Necesítase

Traballador / a para explotación de ovino en Ourense.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Carme Freire, labrega e membro da Executiva do Sindicato Labrego Galego

A vida de Carme Freire é a lúcida expresión das ideas que profesa. Colaboradora do SLG dende 1986, regresou hai dous anos á súa parroquia da Costa, en Rois (A Coruña), para facer realidade o que sempre defendeu: unha agricultura labrega que poña por diante ás persoas e á terra. Esa é tamén a función máis importante das moitas que desempeñou para o SLG: axudar a transformar en experiencia práctica as ideas reivindicadas polo Sindicato. Da entrevista tirase unha conclusión revolucionaria: a agricultura labrega non só é posíbel e necesaria; tamén é perfectamente viábel.

“A terra e as persoas son os principios fundamentais da agricultura labrega”

■ Dende que comezou a colaborar co SLG en 1986, ten chovido moito. En que consiste o seu traballo na organización?

Comecei a colaborar co SLG cando estudiaba en Lugo, en 1986. Hai doce anos, propuxéronme traballar como liberada na organización. Integreime na comarca de Betanzos para facer traballos de todo tipo, tanto de tipo técnico e sindical, como de servizos.

No SLG houbo un intre no que vimos que cumpría ir alén da ideoloxía para ver se eramos quen de impulsar iniciativas que demostrasen na realidade as ideas que, como sindicato, defendíamos.

Daquela, tamén comezamos a ter un debate en canto ao papel que criamos que debían ter os servizos na organización, e sobre a posibilidade de traballar na desintensificación na produción de leite, por ver se era posíbel a nivel económico.

Xuntando todo o anterior, o meu traballo no SLG acabou centrándose na elaboración de proxectos. Foi unha maneira de avanzar e

ver se podíamos realizar experiencias que demostrasen que é posíbel unha agricultura sostíbel e labrega na actual sociedade. E niso estamos. Dentro do sindicato, esta é unha das funcións fundamentais que teño.

Outro aspecto importante do meu traballo é coordinar a relación entre a afiliación e os servizos que lle prestamos. Isto, partindo da base que, dende o SLG, tamén nos propuxemos ofrecerlle servizos á xente cunha dimensión ideolóxica, amais da práctica.

■ Falaches antes de agricultura labrega...

Entendo por agricultura labrega aquela que facemos as persoas nun territorio que ten como base para esa produción a terra. A terra é fundamental, é un aspecto básico para poder traballar.

A agricultura labrega está directamente relacionada, ademais, co feito de que haxa tecido social, de que haxa persoas vivindo no medio rural da produción de alimentos, e doutras actividades derivadas ou complementarias a esa produción.

Ademais, a agricultura



Carme Freire optou, na súa explotación da aldea de Liñares, por unha produción agropecuaria do máis diversificada

labrega tamén produce alimentos sans, é dicir, alimentos que nutran e non fagan dano; e busca que teñamos a capacidade de producir a

nosa propia alimentación, ou de decidir se queremos ou non producir a nosa alimentación para a nosa xente.

“A Administración a parte de non facer nada, está a a causar moito dano”

■ Que fai a Administración en canto ás políticas de comercialización dos produtos agrarios?

Claramente, seguir apostando a prol da gran distribución e para que os poucos mercados que nos quedan sexan cada vez algo máis deteriorado e residual. E isto é así, cando se está apostando en toda Europa por recuperar o tecido económico rural e labrego, por acadar máis cotas de soberanía alimentaria. Pero en Galiza imos ao revés, e cada día se está a apostar máis pola desaparición do modelo labrego, deixando a toda a agricultura en mans da gran distribución. A Administración, a parte de non facer nada, está causando moito dano.

Ademais, todo isto vai acompañado sempre de normativas dirixidas a apoiar á gran produción para as grandes distribuidoras, tanto a nivel de hipermercados como de cadeas de distribución. Aí, os labregos e labregas non pintan nada, e os consumidores e consumidoras tampouco. O único que importa nese modelo é o lucro económico da cadea distribuidora.

A Administración saca normas que convierten todo o que facemos os produtores ou produtoras en cousas ilegais ou alegais. Ilegais, porque moitas veces van en contra das propias normas marcadas pola Consellaría e as outras administracións; e alegais, porque non se lles ocorreu pensar en que a produción labrega precisa de normas específicas para poder desenvolverse.

A recente Lei de Calidade Alimentaria, todas as leis sanitarias e de mercados, van por ese camiño.

“As explotacións labregas son as máis sostíbeis porque son menos dependentes”

■ Ve posíbel o cambio a unha agricultura labrega?

Segundo a miña experiencia, si. Non só pola aposta ideolóxica, senón tamén pola aposta práctica de que a agricultura labrega é posíbel e viábel. Non embargante, bótase moito de menos unha aposta política pola agricultura labrega que, neste intre, non existe. Esa aposta política faise necesaria para que o troco a unha agricultura labrega implique a toda a sociedade por mor da transcendencia que ten na alimentación, na saúde, na economía, na xustiza social, ou na recuperación demográfica do medio rural.

■ Daquela, fáleme da súa explotación para vermos un exemplo práctico de agricultura labrega.

Hai dous anos que regresei a Liñares, a aldea na que nacín no Con-

cello de Rois. E regresei para ver se era posíbel vivir de producir alimentos, non só como sustento, senón tamén como opción de vida.

Xunto á miña parella, teño unha explotación das que non se consideran rendíbeis e na que temos un pouco de todo: polos para carne e galiñas poñedoras, ovellas, porcos, un xato; amais de cultivar patacas, cereais, hortalizas, froitas; e facer algunhas conservas.

Hoxe en día, considérase que as explotacións que teñen producións diversificadas en pouca cantidade non son competitivas. Nós cremos o contrario, pois esas explotacións son as máis competitivas e sostíbeis por ser menos febles e dependentes.

■ Supoño que para que a súa explotación vaia para adiante será fundamental o xeito que teñen de comer-

cializar os produtos.

Nós optamos por comercializar directamente os nosos produtos, algo que sabemos que, a nivel individual non é a alternativa, senón que esixe organizarse e demandar que sexa posíbel para labregos e consumidores en conxunto. Trátase de vender de xeito directo, ou de acurtar o máximo posíbel os circuitos de comercialización introducindo os nosos produtos en mercados de proximidade.

■ E como lle está resultando toda esta experiencia?

A nivel individual, moi satisfactoria e rendíbel. Claro que estas experiencias non se poden facer a nivel individual, senón que deben ser algo máis estendido, unha aposta para todos os produtores e produtoras. Este camiño é no que traballamos no sindicato.